



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día catorce de novembro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilariño  
José Luís Rodríguez Franco  
Ricardo Rodicio González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as dez horas do día catorce de novembro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Vistas as actas das sesións da Xunta de Goberno Local celebradas os días trece e vinte e cinco de outubro de dous mil once, se aproban por unanimidade.

#### **2º.- CONTA DE GASTOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se cita propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aprobar a certificación de obra número 1 e única, e a correspondente factura, da obra de "canalización de augas en Piño" por un importe total de catro mil trescentos euros (4.300,00€).*

*Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.*

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se cita propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aprobar a certificación de obra número 1 e única, e a correspondente factura, da obra de "acondicionamento de vías municipais, pavimentación de rúa na Fontela" por un importe total de nove mil seiscentos vinte e sete euros con setenta e un céntimos (9.627,71€).*

*Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.*

#### **3º.- LICENZAS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á D<sup>na</sup>. Pilar Vázquez Rodríguez con D.N.I. número 34.207.718-W para a renovación da carpintería exterior do edificio situado na rúa da Peza número 11 desta vila (referencia catastral 203243PH3132S0001PQ).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por cento oito euros con coarenta e catro céntimos (108,44€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á D<sup>na</sup>. Hermenegilda Rodríguez Díaz con D.N.I. número 76.609.740-J para a rehabilitación da cuberta do edificio situado no número 4 na marxe dereita da estrada a Brollón nesta vila (referencia catastral 001702400PH31C0001EW).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por douscentos dezasete euros con oitenta e catro céntimos (217,84€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á D. Manuel Macía López con D.N.I. número 34.241.865-V para a reparación da cuberta do edificio situado no lugar de Arriba número 7 da parroquia de Eixón (referencia catastral 002400800PH21F0001WW).

2.- Na execución das obras se dará estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pago previo do importe da liquidación por douscentos corenta e tres euros con catorce céntimos (243,14€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a quince de decembro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,

